

O PINTOR FERNANDEZ MAZAS

Iste xoven artista ourensán acaba de conquistar un trunfo mais ca súa derradeira obra, un óleo feito en París, namentras estivo pensionado, pola Diputación d'Ourense. Falaremos d'el, non só porque nas nosas páxinas colaborou, senón, ademais, por chamar hoxe a atención da *élite* galega iste orixinal pintor avanguardista.

Sempre se revelou c'un sutil temperamento *futurista*: o vello problema da pintura clásica non-o inquietou; foran as xenialidades dos franceses—Picasso, embora sexa de Málaga, Matisse—os que o *fixeron*, no senso de que son pra il a súa tradición pictórica.

«Ventana al Campo» representa unha muller desnuda, qu'olla o pai-xaxe diante da fenestra do seu *cuarto de baño*. Resalta a fermosa figura da mocíña, formidabel encoiro en elegante i-estrevido escorzo. Chama a atención qu'ó encoiro sexa un encoiro perfectamente anatómico, o que nos fala ben de qu'iste rapaz sabe faguer as cousas á maneira dos clásicos. Mais isto como un xesto académico; nada mais. Il nol-o dixo: «A pintura ante todo é pintura, de sorte ningunha fisioloxía.»

A obra d' arte qu' hoxe nos ocupa, non é somentes, com' alguén pensara, unha *cousa a moda*. É algo mais. Podemos tragner ó caso algunhas observacións que en col do Suárez Couto, falando do impresionismo, fixo o agudo Correa Calderón.

«Ventana al campo» fala d' un postimpresionismo á maneira de Gauguín.

Fernández Mazas, inqueda por superarse a cada paso, só arela voltar a París, ó París do arte novo, onde o saben apreciar, é a súa Roma. Nós só lle desexamos que consiga tudo iso, seguros de que sempre saberá faguer cousas boas.

Quixéramos falar algo mais, da obra e do autor, os dous o merecen; mais a falta de espazo e... Os artistas novos teñenlle fobia ós literatos. Non imos discutil-o. Con razón ou sin ela, non queremos ocuparnos disto senon pol-o íntimo debere de rexistrare o trunfo d' un noso irmau. Quede pra eles a solución dos problemas do arte—no óleo «Ventana al campo» notamos ausencia de perspectiva. Díxonos F. Mazas: «O problema do arte novo descansa nas relacións en qu' han estar a color e a liña dentro da úneca superficie de que dispon a tea. Desprezo pois, non por ruin, senón por *demasiado ben feito*, finiquitado o concepto fisiolóxico do arte renacentista»—; nosoutros, os literatos, contentámonos con aplaudir as obras que, como «Ventana al campo», o merecen.

E Nós, ó felicitare ó xoven artista, presenta-o ós seus lectores com' unha esperanza na nosa renascenza.

A. M.^a C.

(De Nós).